



Declaración institucional polas vítimas da DANA nas comunidades de Valencia, Andalucía e Castela-A Mancha

Todos os grupos políticos da Corporación municipal de Santiago de Compostela queremos facer constar publicamente a nosa consternación polas consecuencias dramáticas do paso dunha DANA polo leste da península, que afectou especialmente as comunidades de Valencia, Castela-A Mancha e Andalucía e que, desgraciadamente, tamén causou ducias de vítimas e persoas desaparecidas.

Santiago de Compostela e a súa veciñanza facemos noso o sufrimento das familias e de todas as persoas achegadas que perderon os seus seres queridos.

Mais tamén ampliamos a nosa solidariedade e empatía a todas as persoas que viron arrasados os seus fogares ou os seus medios de traballo e subsistencia, especialmente a todos os colectivos máis vulnerables e ás crianzas.

Desde Compostela queremos enviar o noso afecto e o desexo de que as persoas afectadas poidan recompoñer canto antes as súas vidas despois desta dramática situación, xunto co recoñecemento e o apoio a profesionais e equipos que traballan arreo para restableceren a normalidade.

É o momento de estar con todas as persoas, administracións e gobernos afectados.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024